

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

PORTOS DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 29 de agosto de 2016 pola que se aproba o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Portosín e da súa instalación complementaria de Boa.

A Área de Explotación e Planificación Portuaria do ente público Portos de Galicia redactou e tramitou o documento de delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Portosín e da súa instalación complementaria de Boa, no termo municipal de Porto do Son, na provincia da Coruña, e adscrito ao ente público para a súa xestión.

Este documento foi redactado de acordo coa súa formulación prevista no artigo 69 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro (*Boletín Oficial del Estado* núm. 253, do 20 de outubro), aplicable ao dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia.

Na reunión do Consello de Administración de Portos de Galicia que tivo lugar o día 28 de xullo de 2016, este acordou dar a súa conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Portosín e da súa instalación complementaria de Boa, segundo o disposto no artigo 13.e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, e o referido artigo 69 do texto refundido, así como elevalo e propoñelo para a súa aprobación.

Unha vez vistos o expediente e o informe-proposta da xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria do 13 de xullo de 2016, que conta coa conformidade do director de Portos de Galicia, así como o acordo do Consello de Administración de Portos de Galicia do 28 de xullo de 2016 dando a conformidade á delimitación dos espazos e usos do porto de Portosín e da súa instalación complementaria de Boa e elevándoo e propoñéndoo para a súa aprobación, o presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación da conselleira do Mar conferida pola Orde do 30 de marzo de 2012, resolve:

Aprobar o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Portosín e da súa instalación complementaria de Boa (Porto do Son, A Coruña), na súa última



versión asinada en xullo de 2016 polos enxeñeiros de camiños, canais e portos do ente público Andrés Cervantes Refojos, xefe do departamento de Planificación Portuaria, e Ana Isabel Calzadilla Bouzón, xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2016

José Juan Durán Hermida
Presidente de Portos de Galicia

CVE-DOG: 02imukz4-cer3-ogt1-zhn2-isve1fih9p4

